



Convenio de colaboración entre a Confederación Española de Organizaciones Empresariales (CEOE), a Confederación Española de la Pequeña y Mediana Empresa (CEPYME) e La Caixa.

O pasado 12 de marzo de 2008 a Confederación Española de Organizaciones Empresariales (CEOE), a Confederación Española de la Pequeña y Mediana Empresa (CEPYME) e La Caixa asinaron un novo acordo para impulsar actuacións encamiñadas á mellora da competitividade das empresas españolas. Para iso, porase á disposición das empresas afiliadas un conxunto de produtos en condicións preferentes.

Para beneficiarse destes, só é necesario que as empresas interesadas se presenten en calquera das oficinas da rede de La Caixa e acrediten a súa condición de membros da Confederación por medio dun certificado acreditativo expedido pola Secretaría Xeral da CEC.

Entre os servizos ofertados atópanse:

- Produtos e coberturas financeiras: liña de financiamento de circulante, confirming, factoring, cobertura do risco das vendas nacionais e internacionais, liña de apoio ao comercio internacional, crédito documentario de exportación.
- Produtos e servizos financeiros: financiamento do circulante, financiamento de investimentos, avais e preavais, xestión de liquidez, cobertura de tipos de interese, medios de pagamento e xestión de cobros e pagamentos, nacionais e estranxeiros.
- Seguros e previsión empresarial: protección contra danos materiais, patrimoniais ou pecuniarios, protección a persoas, previsión empresarial.
- Outros produtos e servizos: certificacións de calidade e inspección de mercadorías, caixa factura, servizos de estudo; servizo de banca a distancia.

Para máis información:

. A través da Asesoría Económico-Fiscal da CEC
Teléfono: 981 133702
Fax: 981 132598
E-correo: economico.fiscal@cec.es

. En calquera oficina da rede La Caixa